

## 1 obxecto

R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U., en adiante **R**, presta os servizos de telefonía fixa e móbil, internet de alta velocidade e televisión por cable, e decidiu lanzar unha campaña comercial de captación denominada "promoción móbil 1T2 2018", en adiante a promoción móbil, coas seguintes bases:

## 2 duración e ámbito

A promoción móbil está comprendida entre o 01/04/2018 e o 30/04/2018 para altas de liñas móbiles de residenciais.

## 3 deserción da promoción móbil

A oferta de contratación do servizo de telefonía móbil de **R** baixo a Promoción móbil é a seguinte:

- desconto do 50% na cota durante os 6 primeiros meses nas tarifas con 5GB ou superiores de **móbilR**. Despois prezos según tarifas vixentes. Promoción exclusiva para novas liñas de **móbilR** con portabilidade en clientes con produto de só móbil.
- nas tarifas planas con 10GB ou superiores inclúese unha multisim de datos **móbilR** de forma gratuíta, previa solicitude do cliente. No caso de cambio a unha tarifa inferior, deixará de aplicarse a promoción.
- portabilidade gratuíta (prezo sen promoción 30 € (24,79 sen IVE)
- alta de liña gratuíta (prezo sen promoción 30 € (24,79 sen IVE)
- mantemento **móbilR** con cota gratuíta durante 3 meses. Prezo sen promoción 1 €/mes
- para novas altas de **móbilR**, alta de liña, portabilidade e trámites de xestión da liña (envío do terminal e SIM) gratuíta. Prezo sen promoción 120€ (99,17 sen IVE)
- cambios de SIM en caso de roubo ou perda teñen un custo de 6 € (4,96 sen IVE)
- financiamento do terminal móbil (ata 1 terminal por liña, ata 3 liñas por cliente) non exhaustivo e suxeito a dispoñibilidade de stock en [mobil.mundo-R.com](http://mobil.mundo-R.com)

## 3.1 prezo e tarifas móbil

A efectos informativos indícanse os prezos das tarifas por consumo e unidade de uso de **R** vixentes a 01/04/2018.

Os prezos indicados son válidos para consumos interpersoais a fixos e móbiles en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrito nas condicións xerais de contratación. Tarifación por segundos

### tarifas móbiles

tarifa	chamadas	internet móbil	cota mensual
<b>plana 50GB</b>	ilimitadas*	50GB	45 € (37,19 sen IVE)
<b>plana 25GB</b>	ilimitadas*	25GB	35 € (28,93 sen IVE)
<b>plana 10GB</b>	ilimitadas*	10GB	25 € (20,66 sen IVE)
<b>plana 3GB</b>	ilimitadas*	3GB	20 € (16,53 sen IVE)
<b>tarifa 500 5GB</b>	500 min	5GB	20 € (16,53 sen IVE)
<b>tarifa 200 4GB</b>	200 min	4GB	16 € (13,22 sen IVE)
<b>tarifa 0 2GB</b>	0 cent/min + establec.	2GB	10 € (8,26 sen IVE)+chamadas
<b>tarifa R 50GB<sup>(1)</sup></b>	ilimitadas*	50GB	36 € (29,75 sen IVE)
<b>tarifa R 25GB<sup>(1)</sup></b>	ilimitadas*	25GB	26 € (21,49 sen IVE)
<b>tarifa R 10GB<sup>(1)</sup></b>	ilimitadas*	10GB	16 € (13,22 sen IVE)
<b>tarifa R 6GB<sup>(1)</sup></b>	ilimitadas*	6GB	14 € (11,57 sen IVE)
<b>tarifa R 150 3GB<sup>(1)</sup></b>	150 min	3GB	9 € (7,44 sen IVE)
<b>tarifa R 0 500MB<sup>(2)</sup></b>	0 cent/min + establec.	500MB	3 € (2,48 sen IVE)
<b>tarifa MEU 500 5GB<sup>(3)</sup></b>	500 min	5GB	16 € (13,22 sen IVE)
<b>tarifa MEU 200 4GB<sup>(3)</sup></b>	200 min	4GB	12 € (9,92 sen IVE)
<b>tarifa MEU 0 2GB<sup>(3)</sup></b>	0 cent/min + establec.	2GB	6 € (4,96 sen IVE)+ chamadas

Excesos voz: 21 cent/min (17,36 sen IVE) + 21 cent establecemento (17,36 sen IVE)

sms: 24 cent/sms (19,83 sen IVE)

Nas tarifas móbiles sen chamadas ilimitadas os consumos non están incluídos na cota da tarifa.

\*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas a 902, números curtos, rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos Premium. Non permitida a revenda nin o seu en centraliñas ou liceas. Límite por chamada 60 minutos, os excesos de voz en territorio nacional 21 cent/min (17,36 sen IVE) + 21 cent (17,36 sen IVE) establecemento. Excesos en roaming zona 1 a 6,05 cent/min (5 sen IVE) + 3,1 cent (2,56 sen IVE) establecemento.

Alcanzado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 500MB sobre o bono contratado cun importe de 2,44 € (2,95 con IVE) ata un máximo de 3 bonos ao mes.

Superados os 3 bonos, reducirase a velocidade a 8Kbps. Pode modificarse o comportamento na web de clientes ou app móbil.

<sup>(1)</sup>tarifas **R** so dispoñible para liñas adicionais se a primeira liña é unha tarifa plana 10GB ou superior (a primeira liña terá que ser igual ou superior ás tarifas **R**). No caso de baixa da plana 10GB ou superior, as tarifas **R** terán as seguintes cotas: tarifa **R** 50GB 45 €/mes (37,19 sen IVE); tarifa **R** 25GB 35 €/mes (28,93 sen IVE); tarifa **R** 10GB 25 €/mes (20,66 sen IVE); tarifa **R** 6GB 21 €/mes (17,36 sen IVE) e tarifa **R** 150 3GB 14 €/mes (11,57 sen IVE).

<sup>(2)</sup>tarifa **R** 0 500MB so dispoñible para liñas adicionais se a primeira liña é unha tarifa 200 4GB ou superior e contrata ou ten un combo con 60, 200 ou 350 megas ou un mambo con internet na mesma conta. No caso de baixa do combo, do mambo ou da tarifa 200 4GB ou superior, a tarifa **R** 0 500 MB pasará a valer 6 €/mes.

Máximo 4 tarifas **R** por cliente. Máximo 1 tarifa **R** 0 500 MB por cliente.

Nas tarifas móbiles sen chamadas ilimitadas os consumos non están incluídos na cota da tarifa.

<sup>(3)</sup>tarifas MEU só dispoñibles para liñas adicionais se a primeira liña é unha tarifa 500 5GB ou inferior. No caso de baixa da tarifa 500 5GB ou inferior, as tarifas MEU terán as seguintes cotas: tarifa MEU 500 5GB 20€/mes (16,33 sen IVE); tarifa MEU 200 4GB 16€/mes (13,22 sen IVE) e tarifa

MEU 0 2GB 10€/mes (8,26 sen IVE). Máximo 1 tarifa MEU por cliente. Tarifas incompatibles coas tarifas **R**.

## 3.2 plans de datos

### 3.2.1 internet comigo

servizo de internet comigo, dispoñible para liñas de **móbilR** con 5GB ou superiores e que teñan ou contraten un combo, combo SEN ou mambo con internet. O cliente disporá dun bono de 3GB (se ten internet 60 megas) ou 5GB (con velocidades superiores a 60 megas), para usar gratuíta dúas veces ao ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro) en períodos de 15 días naturais; non se pode activar o segundo bono gratuíta ata que transcurran os 15 días do primeiro bono. Unha vez activado o bono non se pode parar nin pausar. Dispoñible en territorio nacional. Non é compatible coa suspensión do servizo do combo.

	combo 60 / mambo + móbilR 5GB o superior	combo 200 / 350 + móbilR 5GB o superior
<b>internet comigo</b>	3GB	5GB

- outros bonos de datos dispoñibles:

bono internet comigo	cota
bono 3 días de navegación (max. 2GB)	5 € (4,13 sen IVE)
bono 15 días de navegación (max. 5GB)	15 € (12,40 sen IVE)
bono 30 días de navegación (max. 10GB)	25 € (20,66 sen IVE)

### 3.2.2 plans internet móbil

plan	1GB	3GB	10GB	25GB	50GB
<b>prezo</b>	9,92 €/mes (12 con IVE)	12 €/mes (9,92 sen IVE)	25 €/mes (20,66 sen IVE)	35 €/mes (28,93 sen IVE)	45 €/mes (37,19 sen IVE)

Plans de datos para a navegación con internet móbil de ámbito nacional.

Alcanzado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 500MB sobre o bono contratado cun importe de 2,44 € (2,95 con IVE) ata un máximo de 3 bonos ao mes. Superados os 3 bonos, reducirase a velocidade a 8Kbps. Pode modificarse o comportamento na web de clientes ou app móbil.

### 3.2.3 prezos renovación plan de datos

os prezos de renovación do plan de datos varían en función do plan de datos contratado según a seguinte tabla:

renovación plan datos	500 MB*	1GB	3GB	10GB	25GB	50GB
<b>prezo</b>	2,95 € (2,44 sen IVE)	10 € (8,26 sen IVE)	30 € (24,79 sen IVE)	90 € (74,38 sen IVE)	250 € (206,61 sen IVE)	500€ (413,22 sen IVE)

\*plan de datos de 500 MB só dispoñible para o aumento de datos automático.

Máximo 3 renovacións por mes.

Plans de datos para a navegación con internet móbil de ámbito nacional.

## 4 perda das vantaxes da promoción

Se o cliente causa baixa despois do período de proba e antes do pago das cotas do terminal financiado, o cliente deberá aboar, no seu caso, as seguintes pagos por cada liña:

### 4.1 pagos por baixa anticipada sen terminal financiado

se o cliente solicítase a baixa do servizo antes de 3 meses (no caso de só sim sen promoción) ou antes de 6 meses (no caso de só sim con promoción), deberá abonar a **R** a cantidade de 120 € (99,17 sen IVE), reducida de forma proporcional ao tempo de permanencia restante do contrato.

### 4.2 pagos por baixa anticipada con terminal financiado

se por calquera causa, o cliente finaliza a súa relación contractual con **R** antes de finalizar o contrato de arrendamento financeiro do/s terminal/is, seranlle esixidas a totalidade íntegra das cotas pendentes do mesmo sen ter en conta ningunha promoción.

## 5 bases xerais

Ao termo do período de aplicación da promoción, aplicaráselle ao cliente, sen necesidade de comunicación previa, os prezos vixentes do servizo nese momento, que se atoparán publicados e actualizados en [tarifas.mundo-R.com](http://tarifas.mundo-R.com)

Todos os novos clientes, polo feito de participar nesta promoción, aceptan as presentes bases. Esta promoción comercial non é acumulable a outras ofertas e promocións. Bases elaboradas en marzo de 2018.

A efectos de redondeo trabállase con 4 decimais en cargos e con 6 en tarificación de chamadas, que son redondeados a 2 decimais para facturación segundo a lei 46/1998

Todas as condicións e produtos suxeitos a dispoñibilidade do servizo.

Para maior información consulta [R.gal](http://R.gal) ou chama ao 1449

**R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U.** (A15474281); Real 85 A Coruña

**Velocidades de acceso a internet en tecnoloxía móbil**

Información sobre a velocidade de internet en Telefonía Móbil

	Velocidade Anunciada (Mbps)		Máxima velocidade conseguida (Mbps)	
	Downlik	Uplik	Downlik	Uplik
<b>3G</b>	16	8	16	8
<b>4G</b>	75	25	75	25

**R** publica as velocidades aplicables ás distintas modalidades de acceso a Internet no apartado de Tarifas que forma parte do contrato subscrito polo CLIENTE.

En relación ás devanditas velocidades publicadas, comunícase que os factores relevantes que poden limitar a velocidade que o CLIENTE poderá experimentar ao usar Internet, son os seguintes:

**A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:**

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

**B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:**

1. Tecnoloxía de acceso (2G, 3G, 4G) que esté dando cobertura e a banda de transmisión.  
A tecnoloxía de acceso (4G, 3G o 2G) vai determinar cal é a máxima velocidade obtida, independentemente do resto de factores.  
Asimesmo, en frecuencias baixas (banda 800MHz) a propagación das ondas radioeléctricas é mellor, e conséguese mellor cobertura dentro dos edificios e tamén mellores velocidades de acceso a internet desde o móbil.  
Doutra banda as frecuencias máis altas (2600MHz) teñen maior capacidade, aínda que a propagación é peor, co que empeora a cobertura en interiores.
2. Distancia á antena.  
A distancia respecto da antena tamén afecta á velocidade máxima que se pode conseguir, diminuindo ao afastarse da antena.
3. Cantidade de usuarios conectados de forma simultánea á antena que dá o servizo.  
A capacidade máxima da antena compártese entre todos os usuarios conectados á mesma. Desta forma, a maior número de usuarios conectados usando o servizo de forma simultánea, disminúe máis a velocidade experimentada.
4. Tipo de servizo utilizado polo resto de usuarios.  
A rede móbil debe distribuír a súa capacidade entre todos os usuarios que se conectan á vez tamén en función do tipo de servizo que demandan. Non se necesita a mesma capacidade da rede para enviar unha mensaxe de texto por unha aplicación de mensaxería, que para facer unha videoconferencia. En consecuencia o modo en que os usuarios utilizan o servizo acaba afectando á velocidade do resto de usuarios conectados nese momento.
5. Movemento do usuario.  
Atoparse en movemento tamén afecta á velocidade experimentada, producíndose unha maior baixada da velocidade cando aumenta a velocidade. Desta forma a baixada é inferior camiñando e increméntase ao moverse dentro dun coche. Capacidad del terminal o el dispositivo utilizado por el usuario del servicio.
6. A tecnoloxía do dispositivo deberá ser compatible coa da antena á que se atopa conectado. Desta forma, se o dispositivo ten só tecnoloxía 3G non poderá alcanzar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 4G.  
Así mesmo, a calidade da antena do dispositivo do CLIENTE tamén afecta á velocidade experimentada.
7. Condicións xeográficas (incluído localización en interiores, garaxes, muros, ...)  
A situación do usuario e os obstáculos físicos que existan entre o mesmo e a antena afectan á velocidade experimentada.
8. Condicións climatolóxicas.  
Dada á natureza inalámbrica do servizo algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar na propagación do sinal.